

que naquel piso compostelán de Xelmírez 15 comezou a falar galego, e as de Xosé Luís Franco Grande, que fai unha firme defensa de Piñeiro fronte ás acusacións de culturalismo que recibía (e recibe) o pensador de Lán cara (páxina 81).

Unha das pezas máis notables é a que pecha esta colección: *Humor e límites do humor en Ramón Piñeiro*, na que Siro, desde a súa

ras. Lembra Siro que no volume de conversas con Beiras *A estrela na palabra* (Laivento, 2004), o ex portavoz do Bloque dedica 42 páxinas a «desacreditar a Piñeiro con medias verdades e falsas acusacións» e cómo responsabiliza alí «aos de Galaxia» —Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell— dos seus propios erros políticos e persoais. Neste sentido, Siro conta cómo o «medo

Centro Ramón Piñeiro

Xa en 1977, nas primeiras eleccións ao Congreso, Beiras estaba á fronte do PSG, ao que Francisco Vázquez ofreceu integrarse nas listas do PSOE ocupando os dous primeiros postos das candidaturas nas catro provincias galegas e listas pactadas para o Senado, operación que Piñeiro apoiaba. Siro, que escribía daquela os discursos dos mítins de Beiras, relata cómo este rexeitou

como o cualifica Siro, sumiu ao ex portavoz do BNG nunha crise que durou catro anos e da que Beiras responsabilizou «a quen durante moitos anos o axudaron e protexeron».

Unha actitude capaz, como recorda Siro, de borrarlle o sorriso a Ramón Piñeiro, que así e todo nunca tivo para Beiras o mínimo reproche.

Luís Pousa

RASTROS, TEMPO, MEMORIA...

Sorprende gratamente este *O pouso do fume*, de Dores Tembrás (Bergondiño, A Coruña, 1979), doutora en Filoloxía Hispánica e especialista na obra poética de Alejandra Pizarnik, tanto pola modulación intensamente reflexiva que encerra, este que é o seu primeiro libro poético, como pola inequívoca intención de presentarse cunha voz singular que se apropie dunha estética particular e fiel a si mesma, gobernada tanto pola sobriedade expresiva como pola elegancia e contención emotiva que exhiben os seus versos.

Prologado con luminosidade pola crítica literaria Teresa Seara, estes versos transparentan un proceso de estilización ou de filtrado que os converte de se nunha proposta na que o lector se achega en primeira instancia, inevitable e paseniño, á memoria, particular e colectiva, de todo aquilo que queda, do que nos queda, dese pouso que é presenza e mais sentir.

A través, así pois, de tres procesos

—oxidación, combustión e, finalmente, pouso— Tembrás reconstrúe, mergullando e esculcando nos ecos silenciosos desa marca do fogo, o que se perdeu, pero que revive ao ser lembrado, se cadra para recoñecerse nel e non extraviado de vez. Nesa dinámica son as palabras e a escrita o primeiro mecanismo no que se repara para tal fin e, por medio de numerosas imaxes visionarias, a infancia ou infancias deveñen en espazos máis alá do físico e paisaxístico adquirindo unha categoría epifánica, evocada por veces a través dunha instantánea cicelada con atención e que escoa vertixinosamente pero con afán de perdurabilidade, tal é a potencial diversidade de matices que os poemas encerran e que permiten establecer moi desemeñantes lecturas.

Xustamente é aí, nesas infancias recreadas, onde rexorden as vivencias do universo rural, e con elas a autora oficia de arqueóloga honesta que desempoa eses tempos idos

Dores Tembrás
O POUSO DO FUME



POESÍA

«O pouso do fume»

Dores Tembrás.
Espiral Maior. 80 páxinas. 15 euros.

articulando un rodopío de espazos, persoas, sensacións, recendos e experiencias, mais tamén desvelando a potencialidade que os obxectos cotiáns e domésticos poden atesourar como depositarios dun diáfano simbolismo.

Con todo, ben se sabe que se tripa un camiño cheo de perigos dos que, tal vez pola postura de distanciamento, que non exenta de emoción, desde a que a instancia autorial se inscribe, se sae indemne para poder dirixir unha ollada limpa: «o pasado regresa cheo / de trampas adorábeis / elaboradas con premeditación e aleivosía». Neste *O pouso do fume*, ademais, para unha vontade que exhibe un sentimento de rebelión contra o inexorable paso do tempo que arestora se quere apreixar, de mans dadas cunha intención que quere recoñecerse nunha sorte de «experiencia da dor». Por todo isto, sen dúbida, e por outras argumentacións, este é un gran libro.

Ramón Nicolás

PALABRAS CON MEMORIA

Por Isidro Novo

AURISAR (¿ou aurizar?). Utilízase para dicir que alguén molesta co volume da súa voz. Exemplo: «Non berres tanto, que me aurisas». Lugar: O Barbanza. Fonte: Constantino Prego.

CABALA (ter o xuízo da). Ter pouco xuízo ou pouco siso. Lugar: O Barbanza. Fonte: C. Prego.

CAMALLOADA. Camada. Como no caso do seu sinónimo máis habitual, se se refire a persoas é con connotacións despectivas. Lugar: O Barbanza. Fonte: C. Prego.

CARRAPITO. (Á marxe doutros significados) Trenza do pelo. Tamén se denomina así o doce de Reis que non é curvo, senón que ten forma de trenza. Lugar: O Barbanza. Fonte: Constantino Prego.

CHAPARRITA. Zapatilla ou chancleta. Tamén se lle daba o nome á acción de dar con ela nas cachas aos nenos. Exemplo: «Vouche dar unha chaparrita». Lugar de escolta: O Barbanza. Fonte: Constantino Prego.